

O COMERCIO EXTERIOR

Segundo o indicado, o comercio comprende tres aspectos: a exportación, a importación e a análise das ganancias ou perdas que resulten a finais do ano, despois de ter vendido unhas cousas e ter comprado outras. Este resultado final de ganancias ou perdas chámase balance comercial.

A exportación ten que facerse cos produtos que se obteñen ou se elaboran en España en cantidade tal que, despois de atender ás nosas necesidades, sobran para vender a outras países.

A nosa exportación revela ben que nos sobran produtos agrícolas. Polo que mais diñeiro obtemos cada ano é pola venda de laranxas e outras froitas como plátanos (que se producen en Canarias), uvas, améndoas, abelás e albaricoques. E, en xeral, pola exportación de produtos agrícolas, pois aos xa indicados hai que agregar olivas, cebolas, pementos e melóns.

Os principais produtos industriais que enviamos ao estranxeiros son, precisamente, os que se derivan dos mesmos agrícolas: olivas, viños e licores, conservas de froitas e hortalizas e os que se derivan da nosa importante actividade pesqueira, é dicir, conservas de peixe.

En canto aos produtos do subsolo, exportamos mercurio, piritas e potasas, que son os abundantes.

Tamén se venden algúns produtos elaborados aquí con materias primas que non temos e temos que importar, e é capítulo orixinal da nosa exportación a de libros escritos en castelá, debida á grande cantidade de países que, como xa indicamos noutra lección anterior, falan o noso mesmo idioma. As principais exportacións realízanse a países do Oeste e Centro de Europa e aos de América.

A importación que mais nos custa é a do petróleo, aínda que hai que ter en conta que parte do que compramos o volvemos vender, xa elaborado, a países que teñen inferior industria que a nosa ou a aqueles cuxos barcos paran a encher nos nosos portos. Importamos tamén maquinaria, tractores, camións, coches, abonos químicos, carbón e outros minerais; é dicir, produtos xa industrializados e materias para abastecer á nosa propia industria. Tamén algúns produtos agrícolas que o noso clima non permite obter, como o café, ou aqueles outros agrícolas e gandeiros que non temos en cantidade suficiente: pensos, carne, tabaco,...

Os países provedores de todos estes produtos son, en xeral, os mesmos de Europa e América aos que vendemos os nosos.

A balanza comercial, resultado da diferenza entre as exportacións e importacións, é desfavorable para España. Quero isto dicir que gastamos mais en compras que o que nos producen as vendas. Isto débese a que as principais vendas son de produtos sen elaborar e, en cambio, as compras que facemos son de produtos elaborados, como máquinas, que sempre custan moito mais porque, ademais de empregar materia prima, teñen o gasto dos que traballaron tal materia ata facer a máquina.